

XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG
A Coruña, 25 e 26 de marzo.

#Regulamento



1 **REGULAMENTO DA XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG**

2 3 **DA CONVOCATORIA E COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA NACIONAL**

4 5 **Artigo 1**

6 O Consello Nacional do BNG, en sesión do día 18 de febreiro de 2017, convoca a
7 organización en Asemblea Nacional, para o debate e aprobación dos relatorios da XVI
8 Asemblea Nacional e a elección dos órganos de dirección do BNG.

9
10 Nesta sesión do Consello Nacional tamén se aprobará o Regulamento da XVI Asemblea
11 Nacional, que será enviado ás asembleas comarcais para o seu debate xunto cos relatorios
12 da Asemblea Nacional.

13 14 **Artigo 2**

15 Son membros de pleno dereito da Asemblea Nacional todas as persoas afiliadas do BNG e
16 Galiza Nova dadas de alta até o día 18 de decembro de 2016 e co pagamento das
17 cotizacións ao día no recibo emitido en xaneiro de 2017. A obriga de estar ao día no
18 pagamento das cotizacións afecta tamén a participación como membro de pleno dereito no
19 proceso territorial da Asemblea Nacional.

20 21 **Artigo 3**

22 As persoas afiliadas de pleno dereito poderán participar de forma directa nas asembleas
23 comarcais e na Asemblea Nacional. Os e as militantes sen plenos dereitos poderán
24 participar sen dereito a voto. As persoas simpatizantes que previamente formalicen a súa
25 inscrición como convidadas poderán asistir ás sesións da asemblea nacional sen dereito a
26 voto. As asembleas comarcais serán publicitadas co fin de promover a participación da base
27 social nacionalista.

28 29 **Artigo 4**

30 Entre os días 20 e 24 de febreiro enviarase ás comarcas o censo provisional de
31 compañeiras e compañeiros con plenos dereitos, que estará a disposición de toda a
32 militancia nas sedes comarcais entre os días 27 de febreiro e 6 de marzo. Neste período
33 poderán presentarse as reclamacións e proceder á actualización de cotas, quer a través da
34 emisión do correspondente recibo bancario, quer por medio do pagamento efectivo nas
35 sedes da organización.

36
37 O día 10 de marzo ficará pechado o censo nacional definitivo de persoas afiliadas con
38 plenos dereitos e estará a disposición de todas as comarcas no día hábil seguinte. As
39 listaxes deben incluír tamén a militancia de Galiza Nova, conforme o estipulado no artigo
40 1.2.12 dos Estatutos do BNG. As actualizacións de cotas deberán ser efectuadas do mesmo
41 modo que para a militancia do BNG.

42
43 Para a participación nas asembleas comarcais será empregado o censo provisional. As
44 persoas militantes que presentaren reclamación poderán participar con voz e sen voto en
45 canto esta non for estimada no proceso comarcal e, no caso de ser atendida, participarán
46 con plenos dereitos no que reste do proceso da Asemblea Nacional.

47 48 **Artigo 5**

49 Os/As militantes poderán realizar achegas extraordinarias de forma voluntaria para sufragar
50 a XVI Asemblea Nacional o mesmo día da súa realización, ou ben comunicalas previamente
51 a través das respectivas comarcas.

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50
51

Artigo 6

Fica estabelecido un prazo de inscrición para participar na Asemblea Nacional comprendido entre 20 de febreiro e 13 de marzo, esta última data límite. As e os militantes deberán inscribirse, quer na súa comarca quer a través de comunicación por vía telemática, e deberán constar no Censo nacional definitivo de persoas afiliadas de pleno dereito. As persoas simpatizantes que desexaren participar como convidadas tamén deberán formalizar a súa inscrición no mesmo prazo na comarca da súa residencia ou por vía telemática.

DA ELABORACIÓN, DEBATE E APROBACIÓN DOS RELATORIOS DA ASEMBLEA NACIONAL E DO REGULAMENTO.

Artigo 7

O Consello Nacional aprobará, por maioría simple, na sesión do 18 de febreiro de 2017, ao tempo da convocatoria da Asemblea Nacional, os relatorios da Asemblea Nacional e o Regulamento.

A elaboración e debate previo dos textos axustaranse aos acordos do Consello Nacional de 17 de decembro de 2017, onde se tomou coñecemento das conclusións do proceso Adiante.

Artigo 8

A proposta de relatorios será enviada ás asembleas comarcais para o seu debate e irá acompañada dos votos particulares, sempre que as persoas interesadas, membros do Consello Nacional, manifestaren a vontade de os manter.

Serán considerados votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do Consello Nacional que disentiren do relatorio aprobado polo órgano, quer no seu conxunto quer nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán a totalidade do documento ou algún dos seus apartados, e levarán aparellado, excepto se se propuxer a súa supresión, a presentación dun texto alternativo.

Artigo 9

Fíxanse como datas para o debate da proposta de relatorios en asembleas comarcais do 21 de febreiro ao 11 de marzo. Os consellos comarcais deberán facer as previsións oportunas para que o seu desenvolvemento sexa ordenado e áxil, garantindo o debate das propostas que se presentaren e convocando con antelación o conxunto da militancia do BNG. Se for preciso, poderá ser convocada máis de unha asemblea comarcal no período establecido.

As asembleas comarcais debaterán o Regulamento, a proposta de relatorio e os votos particulares, e poderán formular emendas parciais ou á totalidade dos relatorios da Asemblea Nacional.

As emendas deberán ser presentadas por escrito nas sedes comarcais ou comunicadas por vía telemática con 24 horas de antelación ao inicio da respectiva asemblea comarcal.

Para os efectos da súa presentación e debate serán de aplicación os seguintes criterios:

- (i) No caso das emendas ao Regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Por tanto o Regulamento, unha vez que sexa aprobado polo Consello Nacional, será válido e inemendábel naquelas fases da Asemblea Nacional xa consumadas, e unicamente se poderán formular emendas que

1 atinxan o proceso posterior: Por tanto, no proceso comarcal poderán ser
2 formuladas aos apartados relativos á mecánica da propia Asemblea
3 Nacional e ao proceso territorial de renovación de órganos que completa o
4 proceso asemblear. No caso de ser aprobada algunha emenda que se
5 axuste aos requisitos expresados, deberá ser debatida e aprobada a súa
6 ratificación ao comezo da propia sesión da Asemblea Nacional.

7 (ii) No caso das emendas aos relatorios, as propostas de emenda afectarán
8 exclusiva e globalmente as propostas de tese e/ou de resolución contidas
9 no documento, e poderán ser de supresión, de acrecentamento ou de
10 substitución (artigo 3.12 dos Estatutos). Nestes dous últimos casos
11 suporán a presentación de texto alternativo global por parte da persoa
12 emendante.

13 (iii) Aquelas emendas que afectaren o preámbulo do documento serán
14 trasladadas directamente como suxestións sen necesidade de debate e
15 votación.

16 (iv) Aquelas emendas que afectaren parcialmente o texto das propostas de
17 tese e/ou de resolución serán trasladadas directamente como suxestións
18 sen necesidade de debate e votación.

19
20 Nas mesmas datas tamén se promoverá o desenvolvemento de asembleas locais abertas
21 para difundir e socializar o contido dos relatorios sometidos a debate e contribuír ao
22 contraste de ideas con todo o corpo social do nacionalismo galego.

23 **Artigo 10**

24 Para unha emenda pasar a debate á Asemblea Nacional precisará alcanzar a maioría simple
25 dos votos das persoas presentes nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que
26 votos en contra. Para un voto particular de membros do Consello Nacional pasar a debate á
27 Asemblea Nacional deberá alcanzar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha
28 asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que en contra (artigo 3.13 dos Estatutos). As
29 emendas que prosperaren nas distintas asembleas comarcais serán distribuídas ao
30 conxunto da organización por vía telemática con antelación á realización da Asemblea
31 Nacional para poderen ser estudadas.

32 **Artigo 11**

33 As emendas serán ditaminadas no Consello Nacional de 18 de marzo e debatidas na
34 Asemblea Nacional, con quendas axustadas ao tempo asignado na Orde do Día
35 correspondente.

36 **Artigo 12**

37 O Consello Nacional designará as persoas encargadas de defender a proposta de
38 documento no Pleno e nas Comisións.

39 **Artigo 13**

40 As persoas emendantes designarán unha persoa portavoz para defender as emendas no
41 Pleno e nas comisións. En ausencia desta, se ningunha persoa afiliada asumir a súa
42 defensa, entenderase que a emenda decae.

43 **Artigo 14**

44 No debate de cada emenda haberá unha intervención a favor por parte da persoa portavoz-
45 emendante e outra por parte da defensora do relatorio.

1 **Artigo 15**

2 Defensoras/es e emendantes poderán chegar a emendas transaccionais. Neste caso, será
3 sometida a votación a transacción, que prosperará se alcanzar máis votos a favor que votos
4 en contra.

5

6 **Artigo 16**

7 Se unha emenda for aprobada no pleno, o seu texto substituirá o correspondente da
8 proposta de relatorio. Se todas foren rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal.
9 Se se aprobar máis dunha emenda á mesma parte do texto orixinal, prevalecerá aquela
10 que alcance máis votos a favor.

11

12 **Artigo 17**

13 A proposta de relatorio será sometida á decisión final do Pleno, que a aprobará ou rexeitará
14 no seu conxunto nunha soa votación.

15

16 **Artigo 18**

17 A Asemblea aprobará as propostas que alcanzaren maioría simple, isto é, que tiveren máis
18 votos a favor que en contra. Todas as votacións relacionadas co proceso de debate dos
19 relatorios da Asemblea Nacional (emendas, votos particulares e totalidade do texto) seguirán
20 o establecido para a dinámica da Asemblea Nacional.

21

22 **DO DEBATE DO INFORME POLÍTICO E DE XESTIÓN DO CONSELLO NACIONAL**

23

24 **Artigo 19**

25 O Consello Nacional, tras a proposta da Executiva Nacional, aprobará na sesión de 18 de
26 febreiro un informe político e de xestión do Consello Nacional saínte, que abranguerá a
27 actividade desenvolvida por este órgano desde a súa constitución.

28

29 O informe será debatido nas asembleas comarcais, que poderán formular achegas, e serán
30 recollidas en acta para o seu traslado ao Consello Nacional. Con base nelas, o Consello
31 Nacional aprobará o informe definitivo na sesión do día 18 de marzo de 2017 que, se for
32 aprobado, será distribuído á militancia para o seu debate na Asemblea Nacional.

33

34 Na sesión da Asemblea Nacional será presentado o informe por parte do Consello Nacional
35 saínte, e será sometido a votación. A súa aprobación será por maioría simple dos votos
36 presentes.

37

38 **DA APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO NOVO MAPA DE ORGANIZACIÓN COMARCAL**
39 **DO BNG**

40

41 **Artigo 20**

42 O Consello Nacional, por proposta da Executiva Nacional, e após contraste cos consellos
43 comarcais, aprobará na sesión de 18 de marzo un documento que recolla o novo mapa
44 territorial de organización comarcal do BNG.

45

46 O documento será distribuído á militancia para a súa análise antes da asemblea nacional.
47 O Consello Nacional saínte presentará o documento no pleno da asemblea nacional e
48 será sometido a votación. A aprobación será por maioría simple dos votos presentes.

49

50 **DA APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO DE**
51 **INTEGRACIÓN DE GALIZA NOVA NO BNG**

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50
51

Artigo 21

O Consello Nacional, por proposta da Dirección Nacional de Galiza Nova, aprobará na sesión de 18 de marzo un documento de actualización do protocolo de integración de Galiza Nova no BNG.

O documento será distribuído á militancia para a súa análise antes da asemblea nacional. O Consello Nacional saínte e a Dirección Nacional de Galiza Nova presentarán o documento no pleno da asemblea nacional e será sometido a votación. A aprobación será por maioría simple dos votos presentes.

DO PROCESO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO BNG

Artigo 22

A Asemblea Nacional elixirá 50 membros para formar parte do Consello Nacional. A estas persoas sumaranse no seu día os membros elixidos polas respectivas asembleas comarcais, e os representantes designados por Galiza Nova e polos partidos e colectivos que conforman o BNG, segundo o estatutariamente establecido.

Artigo 23

A elección será ben por candidatura conxunta ben por listaxes fechadas consonte o establecido estatutariamente.

(i) No caso da candidatura conxunta, o Consello Nacional saínte poderá facer unha proposta de candidatura para os 50 membros a elixir directamente pola Asemblea Nacional. Para estes efectos, as asembleas comarcais incluirán un punto na orde do día relativo a propostas de persoas dentro do ámbito de cada comarca a ter en conta para a elaboración desta candidatura. As propostas serán remitidas ao Consello Nacional para que unha comisión deste órgano elabore a proposta de candidatura, que será presentada coa sinatura e aceptación de todas as persoas integrantes, antes das 19 horas do día 20 de marzo perante a Área Nacional de Organización, que dará traslado á Mesa da Asemblea Nacional.

A candidatura conxunta será sometida á votación da Asemblea Nacional, que resultará aprobada se obtiver máis votos a favor que en contra.

(ii) No caso da presentación de candidaturas diferenciadas, serán consideradas válidas todas as candidaturas que inclúan, como mínimo, 30% dos postos para cubrir, isto é, 15 persoas candidatas ordenadas, sempre que foren presentadas antes das 19 horas do día 20 de marzo.

A presentación das listas será efectuada perante a Área Nacional de Organización, acompañada dun escrito asinado por todas as persoas integrantes das candidaturas en que certifiquen a súa aceptación a formar parte dela. Así mesmo, farase constar a persoa nomeada para exercer como representante de cada candidatura.

A Área Nacional de Organización expedirá certificación acreditativa da presentación da candidatura á persoa representante designada e dará traslado á Mesa da Asemblea Nacional das listaxes presentadas.

No caso de existiren varias listaxes, a elección será efectuada por votación na Asemblea Nacional de forma secreta e en urna, e procederase a unha distribución directamente proporcional aos votos alcanzados por cada lista.

1 En ambos os casos, será establecido un prazo até as 10 horas do segundo día da propia
2 Asemblea Nacional, 26 de marzo de 2017, para que as distintas candidaturas presentadas
3 poidan comunicar á mesa da Asemblea Nacional alteracións na listaxe presentada ou
4 proceder á corrección de erros. A Mesa dará a coñecer as diferentes listaxes.

5
6 **Artigo 24**

7 Cando causar baixa unha persoa do Consello Nacional elixida pola Asemblea Nacional, o
8 seu posto será cuberto coa seguinte da listaxe correspondente.

9
10 **Artigo 25**

11 A Executiva Nacional estará formada consonte o previsto estatutariamente. No caso de
12 haber unha soa candidatura ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría
13 conformada polas primeiras persoas da candidatura até completar o número de membros
14 previsto nos Estatutos do BNG. No caso de se presentaren varias listaxes ao Consello
15 Nacional, serán repartidas proporcionalmente ao apoio obtido polas candidaturas
16 presentadas para o Consello Nacional e seguindo a orde de cada candidatura.

17
18 **Artigo 26**

19 Resultará electa Portavoz Nacional a persoa que encabezar a listaxe máis votada para o
20 Consello Nacional.

21
22 **Artigo 27**

23 Entre o día 1 e 15 de abril completárase o proceso de renovación do Consello Nacional e
24 será a elección de responsábeis portavoces comarcais e dos membros dos consellos
25 comarcais de elección directa nas asembleas comarcais. A elección das persoas
26 responsábeis portavoces comarcais así como das representantes designadas por Galiza
27 Nova, partidos e colectivos será comunicada por escrito.

28 No mesmo período serán elixidas tamén as responsabilidades e órganos locais. Este
29 proceso será regulado desde o ámbito comarcal.

30
31 **Artigo 28**

32 O Consello Nacional electo realizará a sesión constitutiva o día 22 de abril de 2017.

33
34 **DO DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL**

35
36 **Artigo 29**

37 A Asemblea Nacional estará formada polo Pleno e por cinco comisións, e serán aplicados
38 criterios aleatorios á hora de distribuír as persoas asembleístas nestas. Presidirá o Pleno o
39 Consello Nacional, que designará dúas persoas para exercer a Secretaría e outras dúas
40 para seren as moderadoras. Serán funcións dos/as secretarios/as redactaren a acta da
41 Asemblea Nacional. Será función das persoas moderadoras ordenaren os debates nas
42 sesións plenarias da Asemblea e velar polo cumprimento do horario e da orde do día. Tamén
43 se designarán dúas persoas moderadoras e as persoas defensoras do relatorio en cada
44 comisión.

45
46 **Artigo 30**

47 O Pleno da Asemblea Nacional someterá a votación ao inicio da sesión o Regulamento e a
48 Orde do Día.

49
50 **Artigo 31**

51 A Mesa do Pleno establecerá os tempos correspondentes a cada intervención en función

1 do número de palabras solicitadas e do cumprimento do horario e Orde do Día aprobada
2 pola Asemblea Nacional. A Mesa terá, pois, competencia para ordenar o desenvolvemento
3 dos debates, ademais de interpretar o presente regulamento. A competencia do exercicio
4 destas funcións recaerá nas persoas moderadoras designadas polo Consello Nacional.

5

6 **Artigo 32**

7 As comisións contarán, ademais de moderador/a, e defensores/as do relatorio
8 (designad@s polo Consello Nacional), con dúas persoas que exercerán a Secretaría e
9 que elixirá cada comisión entre os seus membros ao comezo das sesións.

10

11 **Artigo 33**

12 Pasarán a debate no Pleno todas as emendas que alcanzaren maioría simple nunha
13 comisión.

14

15 **Artigo 34**

16 As votacións relativas ao Regulamento, Orde do día e teses –tanto as emendas parciais
17 como á totalidade do texto– serán presenciais, e poderán por tanto, participar as persoas
18 militantes con plenos dereitos que estiveren presentes na Asemblea Nacional no
19 momento das votacións.

20 Nas votacións relativas ao informe de xestión, órganos de dirección, novo mapa de
21 organización comarcal e actualización do protocolo de integración de Galiza Nova no
22 BNG, ademais do voto presencial consonte o parágrafo anterior, poderán habilitarse
23 procedementos de votación telemática especificamente para os e as militantes da
24 comarca da emigración que teñan plenos dereitos, así como para aquelas persoas
25 afiliadas que, por causa xustificada previamente, se atoparen desprazadas fóra da Galiza
26 na data da Asemblea Nacional. Para estes/as militantes, en función das posibilidades
27 técnicas, habilitaranse métodos informáticos que posibiliten un seguimento da asemblea
28 nacional naquelas sesións que o permitiren. O Consello Nacional designará unha
29 comisión específica para establecer o procedemento de inscrición no censo de voto
30 telemático, e implantar os mecanismos electrónicos que garantiren a seguranza e
31 autenticidade do voto, que será difundido con antelación entre a militancia.

32

33 **Disposicións adicionais**

34 1ª.- Se a Asemblea Nacional aprobar emendas que modificaren os Estatutos do BNG
35 nalgúns dos apartados que afectaren ao presente Regulamento, entenderase modificado
36 automaticamente o Regulamento sempre e cando non implicar unha aplicación retroactiva
37 das devanditas modificacións.

38 2ª.- As modificacións estatutarias que, se for o caso, aprobe a Asemblea Nacional entrarán
39 en vigor de forma inmediata, polo que serán aplicábeis aos procesos de elección dos
40 órganos de dirección.

41 3ª.- Unha comisión do Consello Nacional revisará o texto definitivo dos relatorios da
42 Asemblea Nacional, unha vez incorporadas as modificacións aprobadas, para os pór a
43 disposición de toda a militancia.